

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8321 *Real decreto 565/2010, do 7 de maio, polo que se determinan os dereitos que, como consecuencia da extinción do réxime de previsión dos médicos de asistencia médico-farmacéutica e de accidentes de traballo, se recoñecen aos beneficiarios do citado réxime.*

A disposición adicional décimo oitava da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, determinou que, con efectos do día 1 de xaneiro do ano 2000, se extinguiría o réxime de previsión dos médicos de asistencia médico-farmacéutica e de accidentes de traballo, e que quedarían derogadas todas as súas disposicións reguladoras, en particular, a Orde do 7 de decembro de 1953 do Ministerio de Traballo. Asemade, prevíase que a Administración xeral do Estado determinaría regulamentariamente, no prazo máximo de seis meses, os dereitos que, de acordo coa natureza do réxime de asistencia médico-farmacéutica e de accidentes de traballo, corresponderían, se for o caso, aos interesados como consecuencia da extinción e liquidación do citado réxime.

En consonancia coa dita previsión legal, desde a citada data, é dicir, desde o día 1 de xaneiro de 2000, quedou extinguido o réxime que se constituíu pola hoxe derogada Orde do Ministerio de Traballo do 7 de decembro de 1953, para a protección social dos médicos ao servizo de entidades de asistencia médico-farmacéuticas e de entidades aseguradoras de accidentes de traballo en réxime de servizo centralizado.

O réxime de previsión dos médicos de asistencia médico-farmacéutica e de accidentes de traballo, conforme se deducía da citada orde e das sucesivas resolucións ditadas para a súa interpretación e aplicación pola Dirección Xeral de Previsión do mesmo departamento ministerial, en datas do 22 de decembro de 1953 e do 10 de setembro e do 9 de novembro de 1963, resultaba de adscrición obrigatoria para os facultativos das expresadas entidades, mentres mantivesen con elas unha relación xurídica laboral, para cuxo efecto as citadas entidades estaban obrigadas a afiliar tales facultativos en Previsión Sanitaria Nacional, constituída, desde a Orde do 16 de outubro de 1944, como mutualidade ao abeiro da Lei do 6 de decembro de 1941 e o seu Regulamento do 26 de maio de 1943, e á cal lle foi encargada a administración e goberno do aludido réxime, tarefa que na práctica seguiu desenvolvendo aínda con posterioridade a que, en virtude do previsto na Orde do 1 de febreiro de 1995, se aprobara a transformación de Previsión Sanitaria Nacional como mutualidade de previsión social en mutua de seguros a prima fixa, autorizada para operar no ramo de vida e inscrita no Rexistro Especial de Entidades Aseguradoras.

Decretada a extinción do repetido réxime e a derogación de cantas normas o regulaban, a propia disposición legal, conforme quedou explicitado, prevé que se deben determinar regulamentariamente os dereitos que, de acordo coa natureza de tal réxime, correspondan, se for o caso, aos interesados como consecuencia da súa extinción e liquidación.

Neste sentido, conforme a xurisprudencia social reiterou, o citado réxime, no que se refire á cobertura dos médicos vinculados coas súas respectivas entidades por unha relación xurídica laboral, representou un réxime con alcance non igual pero si equivalente ao de substitutorio da Seguridade Social, integrable, por tanto, no que podería denominarse materia de seguridade social, o que comportaría a necesidade de tomar como referencia o réxime xurídico que rexe o dito sistema para efectos de cumprir co mandato contido na citada disposición adicional décimo oitava da Lei 55/1999, do 29 de decembro.

Con tal finalidade, e polo que se refire ao expresado colectivo laboral, procédese á integración no réxime xeral da Seguridade Social daqueles que xa accederan á condición de pensionistas no desaparecido réxime, así como, para os demais supostos, á consideración dos períodos acreditados nel como se se cotizasen ao réxime xeral da

Seguridade Social, delimitando os dereitos que en cada caso serán garantidos polo dito sistema, e a compensación económica que este debe percibir como contraprestación das obrigas que para o efecto asume. Nesta delimitación de tales dereitos tense en consideración, loxicamente, o tempo transcorrido entre a data de extinción do réxime en cuestión e a aprobación desta norma, o que obriga a prever as actualizacións pertinentes.

Por outra parte, Previsión Sanitaria Nacional, a través do mesmo réxime, amparaba outro colectivo de médicos vinculados por contratos non laborais, incluídos no dito mecanismo de protección en función do previsto nas ordes ministeriais do 14 de xaneiro de 1964, do 1 de xuño de 1965 e do 30 de maio de 1967, derogadas expresamente todas elas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, no que se debe entender como actividade de natureza xurídica estritamente aseguradora, de carácter privado, e que dificilmente, por tal razón, admite a extensión do mesmo tratamento de integración no sistema da Seguridade Social previsto para o persoal laboral.

En efecto, o expresado réxime foi constitutivo dunha actividade aseguradora privada diferenciada, exercida de modo independente e con substantividade propia, de conformidade co disposto na lexislación de ordenación dos seguros privados, polo que lle é de aplicación a normativa reguladora da liquidación de entidades aseguradoras contida no actual texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, e no texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro. En tal sentido, a estrita necesidade de facer efectiva, conforme as súas previsións, a liquidación definitiva deste réxime, xa extinto, coa maior eficacia e celeridade, e á vista da ampla experiencia do Consorcio de Compensación de Seguros na práctica da liquidación de entidades aseguradoras, fai sumamente aconsellable que, sen esperar un desenvolvemento ministerial desta norma, se encomende directamente á citada entidade pública empresarial a súa liquidación, tendo en conta, ademais, que concorren as circunstancias que o artigo 14 do seu estatuto legal establece para isto e, concretamente, a referida no seu número 1.b), relativa á ausencia de nomeamento de liquidadores nun prazo de 15 días desde a disolución que se produciu con efectos do día 1 de xaneiro de 2000. Tal previsión é posible, por outro lado, dada a amplitude do mandato de desenvolvemento regulamentario contido na disposición adicional décimo oitava da Lei 55/1999, do 29 de decembro, e a súa conexión directa coa liquidación do réxime, inmediatamente posterior á determinación dos dereitos obxecto desta norma.

En consecuencia con todo isto, e para dar cumprimento ao previsto na repetida disposición adicional décimo oitava da Lei 55/1999, do 29 de decembro, recórrese a este real decreto, por medio do cal se pretende establecer e garantir os dereitos a que deben ser acredores aqueles que pertenceron ao hoxe inexistente réxime de previsión dos médicos de asistencia médico-farmacéutica e de accidentes de traballo, como consecuencia da extinción que del se levou a termo con efectos do 1 de xaneiro de 2000.

Na súa virtude, por proposta conxunta da ministra de Economía e Facenda e do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de maio de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é a determinación, de acordo coa natureza do réxime de previsión de asistencia médico-farmacéutica e de accidentes de traballo (en diante, réxime

AMF-AT), que foi xestionado por Previsión Sanitaria Nacional, dos dereitos que lles corresponden aos interesados como consecuencia da súa extinción e liquidación, de acordo co establecido no parágrafo segundo da disposición adicional décimo oitava da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Os médicos que prestaron os seus servizos en réxime de dereito laboral a favor das entidades de asistencia médico-farmacéutica e de accidentes de traballo, e que estiveron incluídos con carácter obrigatorio no réxime AMF-AT, de acordo co disposto na Orde do 7 de decembro de 1953 e nas sucesivas resolucións da Dirección Xeral de Previsión do 22 de decembro de 1953 e do 10 de setembro e 9 de novembro de 1963, terán os dereitos que se establecen no capítulo II deste real decreto.

2. Os médicos que prestaron os seus servizos por contrato de calquera natureza distinta á laboral a favor das entidades de asistencia médico-farmacéutica e de accidentes de traballo, e que estiveron incluídos no réxime AMF-AT en virtude do previsto nas ordes ministeriais do 14 de xaneiro de 1964, do 1 de xaneiro de 1965 e do 30 de maio de 1967, terán os dereitos que se establecen no capítulo III deste real decreto.

CAPÍTULO II

Determinación dos dereitos dos médicos suxeitos a contrato de traballo

Artigo 3. *Dereitos dos pasivos.*

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 2000, pasarán a ser pensionistas do réxime xeral da Seguridade Social aqueles que, encontrándose nos supostos a que se refire o número 1 do artigo 2, ou, se for o caso, sendo beneficiarios destes, tivesen recoñecida con anterioridade á dita data unha pensión a cargo do réxime AMF-AT, por razón de xubilación, incapacidade permanente ou morte e supervivencia, e que se correspondan coas que outorga a acción protectora do citado réxime.

2. O Instituto Nacional da Seguridade Social recoñecerá a favor dos pensionistas a que se refire o número anterior a contía da pensión que se tiña recoñecida o 31 de decembro de 1999, incrementada nos termos que resulten de aplicar as revalorizacións anuais que se producisen entre a citada data e o momento en que teña lugar o dito recoñecemento. Para ese efecto, Previsión Sanitaria Nacional, PSN, Mutua de Seguros e Reaseguros a Prima Fixa, proporcionará ao citado instituto a información necesaria no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

No suposto de que a dita contía supere o límite da pensión pública establecido legalmente en cada momento, recoñecerase a pensión pola contía do citado límite. Así mesmo, no suposto de que o pensionista estivese percibindo algunha outra pensión pública, serán de aplicación as correspondentes normas sobre limitación da compatibilidade das pensións públicas.

3. Para efectos do cálculo das prestacións de morte e supervivencia causadas a partir do 1 de xaneiro de 2000 polos pensionistas a que se refire o número 1, tomarase como base reguladora o importe da pensión recoñecida, ou a que, se for o caso, correspondese ser recoñecida ao causante polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

4. Do importe recoñecido ao interesado deberanse deducir, se for o caso, as cantidades que fosen satisfeitas por Previsión Sanitaria Nacional, PSN, Mutua de Seguros e Reaseguros a Prima Fixa, correspondentes a períodos posteriores ao 1 de xaneiro de 2000, xa voluntariamente xa en execución e cumprimento dun pronunciamento xudicial firme.

5. Os dereitos recoñecidos en virtude do establecido neste artigo quedarán sometidos, para todos os efectos, ás normas reguladoras do réxime xeral da Seguridade Social.

Artigo 4. Dereitos dos activos.

1. Aos médicos a que se refire o número 1 do artigo 2 consideraránselles como cotizados ao réxime xeral da Seguridade Social, para todos os efectos, os períodos cotizados ao réxime AMF-AT, sempre que se achasen de alta nel ou o estivesen con anterioridade á data en que se extinguiu, e mentres que eses períodos non se superpoñan no tempo con outros cotizados ao dito réxime xeral por razón da mesma actividade.

2. Os ditos períodos serán recoñecidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, logo da correspondente certificación emitida por Previsión Sanitaria Nacional, na que, ademais do tempo de cotización acreditado en cada caso ao réxime AMF-AT, deberán así mesmo especificarse as bases sobre as que se efectuou esa cotización. A citada certificación será facilitada mediante soporte informático coas características técnicas e de formato que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e deberá ser emitida no prazo dun mes desde que a dita determinación se efectúe.

En caso de ausencia ou insuficiencia da dita certificación, o Ministerio de Traballo e Inmigración procederá a determinar outros mecanismos alternativos para a acreditación tanto dos períodos de cotización como das bases sobre as que se efectuou a dita cotización.

Artigo 5. Compensación económica ao sistema da Seguridade Social.

1. Previsión Sanitaria Nacional, PSN, Mutua de Seguros e Reaseguros a Prima Fixa virá obrigada a efectuar unha compensación económica á Seguridade Social polas cargas e obrigacións que esta asume en virtude do establecido neste capítulo.

Para ese efecto, a compensación económica que corresponde polas pensións que se asumen determinarase polo capital-custo que garanta o pagamento futuro daquelas. A compensación económica polas obrigacións asumidas polo colectivo de activos determinarase aplicando os cálculos actuariais que permitan a cobertura dos períodos que se consideren como cotizados para os efectos de integración.

2. O Ministerio de Traballo e Inmigración, mediante resolución da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, determinará a contía da achega económica compensatoria a que se refire este artigo, así como a data en que a deberá ingresar na Tesouraría Xeral da Seguridade Social Previsión Sanitaria Nacional, PSN, Mutua de Seguros e Reaseguros a Prima Fixa.

3. A cantidade debida será recadada pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de conformidade coas normas que regulan a recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social.

A falta de pagamento na data, lugar e forma establecidos da cantidade debida dará lugar ao devengo das correspondentes recargas ou xuros vixentes en cada momento no ordenamento regulador do sistema da Seguridade Social.

CAPÍTULO III

Determinación dos dereitos dos médicos non suxeitos a contrato de traballo**Artigo 6. Dereitos dos pasivos.**

Os dereitos económicos dos médicos a que se refire o número 2 do artigo 2 que, con anterioridade a 1 de xaneiro de 2000, tivesen recoñecida unha pensión a cargo do réxime AMF-AT, así como dos beneficiarios das pensións causadas no dito réxime por tales médicos, satisfaranse mediante unha prestación única cuantificada pola suma alxébrica:

a) Das rendas periódicas mensuais vencidas desde a data en que, para cada un dos afectados, concorreron os requisitos para o devengo da pensión, e non satisfeitas, ata o día 31 de decembro de 1999, data de extinción do réxime, inclusive, e,

b) Dun montante igual á suma alxébrica das rendas que, de non terse extinguido o réxime, vencerían desde o 1 de xaneiro de 2000 ata o 31 de decembro de 2002.

Do dito importe deducirase a totalidade das prestacións que lles pagase Previsión Sanitaria Nacional, xa voluntariamente xa en execución e cumprimento dun pronunciamento xudicial firme.

Adicionalmente, a aqueles pensionistas nos cales concorrese tal condición con posterioridade ao día 31 de decembro de 1994, aboaráselles, ademais, o importe da totalidade das cotizacións efectuadas ao réxime AMF-AT entre tal data e aquela en que accederon á condición de pensionistas.

Artigo 7. *Dereitos dos activos.*

Os dereitos económicos dos médicos a que se refire o número 2 do artigo 2 e que ata o 31 de decembro de 1999 estiveron, en canto activos, incorporados e cotizando no réxime AMF-AT, consistirán nunha prestación de capital en forma de pagamento único. Esa prestación estará determinada pola suma dos importes da totalidade das cotizacións que o interesado realizou ao réxime AMF-AT no período dos cinco anos anteriores ao día 31 de decembro de 1999.

Artigo 8. *Determinación e cuantificación dos dereitos.*

Corresponderá a Previsión Sanitaria Nacional o recoñecemento e cuantificación dos dereitos a que se refiren os artigos 6 e 7. Non obstante o anterior, non será preciso o recoñecemento do dereito ou a determinación do importe que correspondeu en concepto de pensión cando un ou outro, ou ambos, fosen previamente recoñecidos por Previsión Sanitaria Nacional ou declarados por sentenza xudicial que adquirise firmeza.

Disposición adicional única. *Liquidación do réxime AMF-AT.*

Encoméndase ao Consorcio de Compensación de Seguros a liquidación do réxime asegurador a que se refire o capítulo III deste real decreto. Para tal efecto, Previsión Sanitaria Nacional, PSN, Mutua de Seguros e Reaseguros a Prima Fixa proporcionará ao Consorcio de Compensación de Seguros os datos dos afectados no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Pensións causadas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2000.*

1. En relación cos médicos a que se refire o artigo 2.1, malia o establecido no artigo 4, cando se recoñecese en virtude de pronunciamento xudicial firme o dereito a unha pensión a cargo do réxime AMF-AT e causada con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2000, o interesado, para efectos do previsto no capítulo II deste real decreto, pasará a ser pensionista do réxime xeral da Seguridade Social nos termos a que se refire o artigo 3, ben que coa data de efectos económicos que en cada caso corresponda e tomando como referencia a contía da pensión que lle foi recoñecida xudicialmente, mentres que esta non supere o límite máximo establecido para as pensións públicas.

2. Sen prexuízo do previsto no número anterior, o interesado poderá optar pola aplicación do establecido no artigo 4, caso en que procederá o recoñecemento por parte do Instituto Nacional da Seguridade Social dunha pensión de conformidade coas normas reguladoras do réxime xeral da Seguridade Social, con efectos económicos da data en que se recoñeceu a pensión a cargo do réxime AMF-AT e con aplicación das revalorizacións que, se for o caso, resulten procedentes.

Disposición transitoria segunda. *Dereitos devengados con anterioridade.*

Os importes das pensións a que se refire o artigo 3 devengados ata o 31 de decembro de 1999 en ningún caso serán asumidos polo réxime xeral da Seguridade Social.

Disposición transitoria terceira. *Obrigacións de conservación de documentación e de colaboración de Previsión Sanitaria Nacional.*

Previsión Sanitaria Nacional, PSN, Mutua de Seguros e Reaseguros a Prima Fixa está obrigada a conservar os documentos que sirvan de base para o recoñecemento dos dereitos a que se refiren os capítulos II e III deste real decreto, facilitando, ademais da documentación a que se refiren os artigos 3 e 4 e a disposición adicional única, cantos datos ou información lle sexan solicitados polos organismos ou servizos dos ministerios de Economía e Facenda e de Traballo e Inmigración, ata transcorrido o prazo dos cinco anos seguintes á extinción e liquidación íntegra das súas obrigacións.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.11.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado, respectivamente, a competencia sobre bases da ordenación dos seguros e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Facúltanse os ministros de Economía e Facenda e de Traballo e Inmigración para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo da data de efectos económicos que en cada caso corresponda.

Dado en Madrid o 7 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ